

ASUNTO: Alegacións o estudo de impacto ambiental e a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e a declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións da LAT 66 kV PE Dos Cotos-SE Pontesampaio, emprazada nos concellos de Cerdedo-Cotobade, Pontecaldelas e Pontevedra da provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2020/122).

Don/Dona _____
con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia de _____.

EXPÓN: Á vista da resolución do 26 de xullo de 2023 da xefatura provincial de Pontevedra pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e a declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións da LAT 66 kV PE Dos Cotos-SE Pontesampaio (expediente IN408A 2020/122) **DOGA Num. 161 do venres 25 de agosto de 2023**, por medio do presente escrito realízanse as seguintes ALEGACIÓNS:

PRIMEIRA: División artificialosa de proxectos aos efectos da avaliación ambiental: proxecto do parque eólico dos Cotos e proxecto da liña de evacuación. Na área afectada polo proxecto existen outros parques eólicos, PE Monte do Pe, PE Coto Aguado, PE A Fracha, PE Monte Peón, ... e outras liñas de alta tensión de evacuación. Ausencia de avaliación ambiental acumulada e sinérxica da totalidade do conxunto das infraestruturas. A LAT 66 kV PE Dos Cotos-SE Pontesampaio agrava a excesiva concentración de instalacións eólicas e liñas de evacuación na contorna, que non son tidas en conta no presente EIA. Hai polo tanto unha falla de avaliación dos efectos sinérxicos e acumulativos (aditivos, sumativos e globais) segundo obriga o art. 35 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental. Téñase en conta a xurisprudencia: Sentenza do TSJ Castela e León de Burgos, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª do 13 de xullo do 2012 e a Sentenza do TS 345/2018, do 5 de marzo.

SEGUNDA.- Ausencia de planificación eólica actualizada e coherente co escenario actual de tramitación masiva de instalacións eólicas.

Nestes momentos tanto a Administración Xeral do Estado como a Xunta de Galicia están a tramitar no ámbito deste Comunidade Autónoma un volume de proxectos de implantación de novos parques que representan no seu conxunto unha capacidade eólica á marxe das previsións e do “carácter regulado” da Planificación Eólica de Galiza, recollida na Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Semellante volume de proxectos en trámite implica un uso abusivo e irresponsable das competencias de ambas dúas Administracións, toda vez que tal expansión eólica modifica substancialmente a planificación eólica vixente na Galiza, e no seu conxunto pouco ten que ver cunha planificación eólica ordenada e que sexa coherente co deseño eólico considerado na Lei galega 8/2009.

TERCEIRA.- Ausencia do Informe de repercusións sobre a Rede Natura 2000. Afeción moi severa e prexuízos irreparables para a Rede Natura 2000 e a súa coherencia. Falla de conectividade ecolóxica entre os ecosistemas. Cómpre ter en conta que as especies non entenden de límites xeográficos e que o mantemento da conectividade ecolóxica é fundamental para o mantemento dos ecosistemas e da coherencia da propia Rede.

A LAT PE Dos Cotos-SE Pontesampaio afecta á Rede Natura 2000 e a necesaria coherencia da mesma:

- Serra do Cando. ZEPVN.

- Enseada de San Simón ZEC/ZEPVN.

CUARTA.- Afección severa e prexuízos irreversibles para as familias que viven, residen e/ou traballan nos núcleos rurais afectados. Non se teñen en conta nin se avalían os graves prexuízos que pode supoñer a LAT 66 kV PE Dos Cotos-SE Pontesampaio para o benestar, a saúde e a calidade de vida da veciñanza que vive e traballa nas aldeas da contorna, xa que o trazado que se presenta no EIA discorre a unha distancia excesivamente próxima a núcleos habitados como: Famelga, A Graña, A Senra, Mirón, Contixe, Tourón, Buchabade, A Aluncia, Xuntans, Baltar, Pontesampaio. A comunidade científica reconece que existen riscos sobre a saúde asociados a radiacións e á contaminación electromagnética das liñas eléctricas, os cales non aparecen avaliados no EIA, resultando a información que se proporciona insuficiente para determinar os posibles efectos adversos sobre a saúde das persoas.

QUINTA: O proxecto carece de xustificación ou interese social e utilidade pública algunha, pois só responde a un interese estritamente mercantil con nula incidencia positiva na loita contra o cambio climático e que vai en contra dos obxectivos da Estratexia da UE sobre a biodiversidade (Comunicación da Comisión Europea ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, Bruxelas 20.05.2021). Preténdese construír unha liña de alta tensión de 16 km co obxectivo de evacuar un parques eólico supoñendo a deforestación de grandes extensións de carballeiras e bosques de ribeira, así como un impacto crítico en aves e quirópteros dos espazos protexidos da Rede Natura 2000 e ZEPVN. lindeiros. A posible contribución positiva contra o cambio climático queda invalidada ante os prexuízos medioambientais que a súa evacuación supoñerá, especialmente a corta de masas forestais que están contribuíndo á captación de CO2. Ao respecto, considérese a Sentenza: 00311/2020, do 11 de decembro do 2020 do TSXG.

O proxecto é incoherente cos criterios establecidos na Lei 1/2021, de ordenación do territorio de Galicia ó non estar debidamente xustificadas, alén do seu carácter supramunicipal, os requisitos previstos no art. 41.2 para ser declarado como “Proxecto de Interese Autonómico”. Non se presenta unha avaliación da aceptación social, sendo un requisito derivado do art. 1 do Convenio de Aarhus

SEXTA: Non se garante a non afección ós acuíferos e á calidade das masas de auga tanto superficiais como soterradas. Os movementos de terras, perforacións e outras obras necesarias para a instalación da LAT poden afectar gravemente ós acuíferos, mananciais e á rede hidrográfica dándose unha afección ós recursos hídricos. Téñase en conta a Directiva Marco da Auga (DMA).

Por todo o anteriormente exposto SOLICITO que teña por presentado este escrito e por formuladas as alegacións en tempo e forma, que sexan estimadas as mesmas e que, en consecuencia, se declare inviable ambientalmente esta instalación eléctrica e se desestimen o **estudo de impacto ambiental e a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e a declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións da LAT 66 kV PE Dos Cotos-SE Pontesampaio, concello de Pontevedra da provincia de Pontevedra (Expediente IN408A 2020/122) publicado no DOGA do Venres, 25 de agosto de 2023**, téndome por parte interesada, déseme traslado da resolución que recaia no presente procedemento administrativo.

OUTROSÍ DÍ: Que é preciso unha resposta razoada a estas alegacións de acordo a la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A falta de resposta é motivo de nulidade da tramitación.

En _____ a _____ de _____ do 2023

Asinado: